


Texto: **PEDRO MAÑAS**
 Ilustracións: **SILVINA SOCOLOVSKY**
 Encadernado en cartón. 15x23,5 cm.
 68 páxinas. Ilustracións en color.
 Contén unha banda distintiva.
 ISBN: 978-84-92608-26-3
 Prezo: 13 €

CIUDAD LABERINTO

**He pintado un mapa
 sobre la solapa
 de mi libreta.
 Un mapa pequeño
 de una ciudad grande
 que no se está quieta...**

**II PREMIO INTERNACIONAL 'CIUDAD DE ORIHUELA'
 DE POESÍA PARA NENOS 2009**



As 30 composicións deste libro tratan unha realidade cercana moi pouco tratada dende o punto de vista poético: a cidade en todas as súas dimensións. Os cambios estacionais, os seus ruidos característicos, os personaxes que a percorren ou as súas festas plásmanse cun ton divertido. O xurado apreciou a "boa construción" deste traballo de enxeñaría literaria: Pedro Mañas amosa a cidade "coa suficiente cercanía -non exenta de distanciamento- para que o lector recoñeza o ámbito urbán, que se presenta con plasticidade e humor". Un poemario moi creativo "con toques saudablemente críticos, que ten imaxinación e realismo, e consegue que todas as pezas encaixen nunha atmosfera sensorial de grande orixinalidade".

Dende o punto de vista artístico, Silvina Socolovsky transpórtanos a unha cidade surrealista e onírica, dinámica e un tanto caótica. Edificios, rúas e habitantes superpóñense ás veces sobre mapas ou recortes de prensa, creando unha xeografía urbana de contrastes liñais e cromáticos. Unha cidade que, se non existiera, habería que inventala. A súa "espacial" caracterízase por xerar abigarradas paisaxes e laberínticas arquitecturas, habitadas por seres solitarios; espazos cotiás onde se confunden os parámetros tempo-espazo, realidade-ficción.



"Ciudad Laberinto" logrou, por unanimidade, o II Premio Internacional 'Ciudad de Orihuela' de Poesía para Nenos, convocado polo Concello de Orihuela e FAKTORÍA K, en homenaxe ao poeta Miguel Hernández, do que se cumpre o centenario do seu nacemento. Ao certame presentáronse 154 obras procedentes de numerosos puntos de España e Latinoamérica.

PEDRO MAÑAS (Madrid, 1981)

Licenciado en Filloxía Inglesa pola Universidade Autónoma de Madrid. Ademais do traballo como autor, destaca a súa faceta teatral; participou en montaxes para público infantil e adulto coa súa compañía 'La cama sin hacer', fundada en 2006. Gañou diversos cerames literarios: o Premio de Narrativa Breve (2004) da Universidade Autónoma de Madrid, o XXVI Concurso de Narrativa Infantil Vila d'Ibi (2007), o XII Premio de Literatura Infantil Leer es Vivir (2008) e o III Premio de Poesía Infantil El Príncipe Preguntón (2009).

SILVINA SOCOLOVSKY (Buenos Aires, 1965)

Estudou na Escola Nacional de Belas Artes Prilidiano Pueyrredón de Bos Aires e na Facultade de Belas Artes da Universidade Complutense de Madrid. Dende 1991 compaxina os seus traballos de pintura e ilustración coa docencia. A súa obra expónse e comercialízase en exposicións individuais e colectivas, galerías e feiras de arte. Recibiu en 1994 o 1º premio do Concurso Nacional de Pintura do Concello de Leganés; seguíronlle outros galardóns en certames de Badaxoz, Cádiz, Alicante, Xaén, Soria, Mérida ou Vigo.